



Concello de Sarria

PROCESO SELECTIVO CONVOCADO POLO ORGANISMO AUTÓNOMO RESIDENCIA DE MAIORES NOSA SEÑORA DO CARME DE SARRIA PARA A PROVISION, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO OPOSICIÓN, DUNHA PRAZA DE TÉCNICO SUPERIOR DE INTEGRACIÓN SOCIAL, COMO FUNCIONARIO INTERINO, PARA LEVAR A CABO O PROGRAMA DE CARÁCTER TEMPORAL DE “MELLORA NA XESTIÓN DA RESIDENCIA DE MAIORES NOSA SEÑORA DO CARME DE SARRIA” (Art. 10.1.c) do R.D.L. 5/2015).

1.- REALIZACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN: CUESTIONARIO TIPO TEST.

O resultado do primeiro exercicio da fase de oposición foi o seguinte:

Nº DE CONTROL	RESPOSTAS CORRECTAS	PUNTUACIÓN.
3	15	15 puntos.
4	13	13 puntos.
6	14	14 puntos.
7	10	10 puntos.
8	21	21 putos.
9	17	17 puntos.
10	15	15 puntos.

Durante a corrección da proba constatouse un erro que afecta ás cinco preguntas de reserva elaboradas, e que se produce pola circunstancia de que, un dos exames contidos nos sobres que se lles entregaron aos candidatos, non incluía estas preguntas de reserva. Por este motivo, como mal menor o tribunal acordou non corrixir e, polo tanto, deixar sen efecto estas preguntas de reserva.

As puntuacións obtidas polos participantes no proceso selectivo concedéronse por unanimidade de tódolos membros do tribunal.

De conformidade co previsto no apartado 11.1. das bases da convocatoria, o tribunal acordou declarar aprobados a tódolos opositores que acadaron unha puntuación mínima de **15 puntos**.

2.- CONVOCATORIA PARA A REALIZACIÓN DO SEGUNDO EXERCICIO DA FASE DE OPOSICIÓN.

O tribunal acordou convocar aos aspirantes declarados aprobados no primeiro exercicio para a realización do segundo exercicio da fase de oposición, acto que terá lugar o día **19 de abril de 2018, ás 10:00 horas, no salón de sesións da Casa do Concello de Sarria**, para o que deberán vir provistos do D.N.I. ou documento equivalente.

O exercicio consistirá na “Resolución por escrito, nun tempo máximo de dúas horas, de varios supostos teórico-prácticos, consistentes na redacción de varios informes e/ou supostos prácticos, elixidos por sorteo de entre os propostos polo tribunal inmediatamente antes do comezo da proba, tendentes a acreditar os coñecementos do aspirante en relación coas funcións propias da subescala de Técnico de Xestión e correspondendo ao temario comprendido na Parte Segunda do Anexo I. Puntuación máxima: 40 puntos, sendo eliminadas as persoas aspirantes que non acaden un mínimo de 20 puntos.

Durante o desenvolvemento desta proba os aspirantes poderán facer uso dos textos legais dos que acudan provisto á proba, que en ningún caso poderán estar

Concello de Sarria

Rúa Maior, 14, Sarria. 27600 (Lugo). Tfno. 982535000. Fax: 982530916



Concello de Sarria

comentados nin conter formularios, e poderán ser revistados polos membros do tribunal...”

En orde á realización desta proba, o tribunal acordou o seguinte:

1.- Para este exercicio manterase o sistema de control numérico establecido no primeiro exercicio da fase de oposición.

2.- O exercicio terá que ser lido polos opositores en sesión pública ante o tribunal cualificador. A lectura dos exercicios realizarase inmediatamente despois da realización da proba.”

O que se fai público en Sarria, no día da data.

O secretario,

(documento asinado dixitalmente á marxe)